



**BASES PRESENTACIÓN
CANDIDATURAS: TRABAJO FIN
DE MÁSTER**

**Colexio Profesional de
Enxeñaría en Informática
de Galicia**



XII PREMIO

**TRABAJO FIN
DE MESTRADO**



CONTIDO

1	Introdución.....	3
2	Dotación do Premio.....	3
3	Ámbito da Convocatoria.....	3
4	Documentación.....	3
5	Lugar e Prazo de Presentación.....	4
6	Xurado.....	4
7	Publicación do Fallo e Entrega do Premio.....	4



1 INTRODUCCIÓN

Por decimoterceiro ano consecutivo, o colexio outorgará os seus premios dentro da XIII Noite da Enxeñaría en Informática de Galicia. A través de distintas categorías, as colexiadas e colexiados recoñecerán aquelas iniciativas ou persoas destacadas no ámbito da Enxeñaría en Informática.

Entre os galardóns, o CPEIG convoca o XII Premio Trabajo Fin de Master, aberto á presentación de candidaturas, e que tenta ser un estímulo para os estudantes e recién titulados en Master en Enxeñaría Informática nas universidades galegas.

A convocatoria farase pública no portal www.cpeig.gal, nas páxinas web das facultades e escolas que imparten a titulación e a través da prensa.

2 DOTACIÓN DO PREMIO

Os tres primieiros finalistas tamén beneficiaranse de un ano de colexiación gratuita, dandolle visibilidade ao resúmen dos traballos.

O mellor traballo recibirá ademais unha gratificación de **1.000 Euros**.

O xurado poderá decláralo deserto en caso de que os proxectos presentados non reunan a calidade suficiente ou non cumpran os requisitos da convocatoria.

3 ÁMBITO DA CONVOCATORIA

Poden concorrer ao premio todos/as aqueles enxeñeiros/as que teñan presentado nunha universidade galega, nos anos 2019, 2020 e 2021, o Trabajo Fin de Máster Enxeñaría Informática, ou calquera outra titulación que legalmente habilite ou vincule para o exercicio da profesión da Enxeñaría en Informática.

4 DOCUMENTACIÓN

Aquelas persoas que desexen optar ao premio deben aportar a seguinte documentación:

1. Ficha resumo do traballo (según modelo).
2. Resumo do traballo, indicando os motivos para a concesión do premio (extensión máxima dous folios).
3. Memoria completa do traballo

5 LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN

Os documentos deben enviarse por correo electrónico a informacion@cpeig.gal indicando no asunto **Premio Trabajo Fin de Master**.

O prazo de presentación da documentación remata o 27 de setembro de 2021.

6 XURADO

O xurado do premio estará composto por: Presidente, Secretario e un mínimo de 3 vogais. Exercerán como Presidente e Secretario os cargos respectivos do CPEIG. Os vogais serán nomeados entre membros da comunidade universitaria con representación das 3 universidades galegas e a Xunta de Goberno do CPEIG.

A decisión do xurado non poderá ser recurrida.

7 PUBLICACIÓN DO FALLO E ENTREGA DO PREMIO

O fallo do xurado será publicado no portal www.cpeig.gal

A entrega do premio terá lugar no transcurso da XIII Noite da Enxeñaría en Informática de Galicia, a celebrarse en Santiago de Compostela en outubro de 2021. Dita entrega estará condicionada pola evolución da pandemia do COVID-19, podendo sufrir modificacións.